

MEMORIA DOS TRABALLOS DE SINALIZACIÓN DA "MÁMOA DOS MUIÑOS" (AGOLADA, PONTEVEDRA)

Fernando Carrera, ESCRBCG
Manuel Estévez, VAN divulgación, S.L.

Introdución e obxectivos

Hacia finais do ano 2006 executouse o "Proxecto de documentación e protección da pintura megalítica conservada na "Mámoa dos Muíños" (Agolada, Pontevedra)".

Nese proxecto a protección da pintura prehistórica foi o criterio director da intervención, o que tivo como consecuencia o ocultamento da estrutura megalítica que permanecía á vista. Esta acción modificou un interesante recurso cultural nese territorio, ou que foi indicado por algunhas persoas interesadas no patrimonio cultural da zona.

Como consecuencia do anterior, e por iniciativa da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, decidiuse mellorar a información do monumento mediante a colocación *in situ* duns elementos sinalizadores, que amosaran ó visitante as razóns do tapado e as características principais do sitio.

Ó mesmo tempo, propoñíase establecer unha delimitación perimetral ó xacemento que indicase ó espectador o límite aproximado do mesmo e marcarse o espazo esencial de protección cara ó futuro.

Deseño e produción de sinalética

A sinalética utilizada nesta actuación tivo en conta as especiais características do monumento e as necesidades sinaladas polo director da intervención arqueolóxica.

A sinalética se desenvolveu sobre dous tipos de elementos:

- Por unha banda utilizouse un gran elemento vertical o monolito de 180 cm de alto (cuns pes de madeira visibles 20 cm) e 60 cm de ancho en chapa galvanizada, cunha impresión dixital por ambas caras de vinilo laminado fundido mate, de alta resistencia e durabilidade, contedor de toda a información respecto o monumento e o fenómeno tumular.

Nel se explicaron as características do xacemento e os seus elementos máis relevantes dende o punto de vista arquitectónico e artístico, utilizando ilustracións e imaxes que amosaban a evolución do xacemento dende a súa descuberta ata a actualidade (foto 1).

- A utilización dunha sinal que delimitase o espazo arqueolóxico do contorno no que se situa, co obxecto de marcar e protexer visualmente (foto 2).

A sinal utilizada foi un pe vertical en madeira antixilófagos tratada ao autoclave cunha impresión dixital en vinilo laminado fundido mate sobre chapa galvanizada, con información (nome do xacemento e logotipo de administración competente) que fai referencia á delimitación dun xacemento arqueolóxico. As sinais, 8 en total, distribúense ó redor do túmulo para acadar ese obxectivo de fronteira psicolóxica.

Medidas: 70 cm de alto x 10 de ancho e 15 de fondo. A chapa galvanizada de 2mm ocupa o tercio superior do poste de madeira cun alto de 50 cm e 10 cm de ancho.



FOTO 1. O monolito unha vez instalado




FOTO 2. O sinal delimitador

Montaxe da sinalización

A instalación dos carteis fíxose o día 5 de Agosto de 2008. A escavación dos pequenos ocros necesarios para a fixación das sinais foi controlada polo autor desta memoria. Non se detectou estrutura ou elemento arqueolóxico de ningún tipo.

Trala escavación instaláronse os carteis, sendo fixados con morteiro de cemento.

Con anterioridade a esta acción executouse a roza da vexetación existente nun xacemento nun diámetro de 5 metros ó redor do mesmo.



Figura 1. Plano do xacemento con indicación da ubicación das sinais

Como se propuña na memoria, a sinal informativa (monolito) colocouse na esquina NO. do xacemento, na parte máis accesible dende o camiño de acceso. As oito señais delimitadoras foron colocadas no perímetro do túmulo segundo o esbozo que se adxunta (foto 3).



FOTO 3. Aspecto do xacemento ó finalizar vos traballos.

Condicións e criterios de mantemento

O aspecto do xacemento ó empezaren o traballo era, como podíase esperar, de total abandono. Xa pasara un ano e medio dende a primeira intervención e a vexetación medrara como para deformar a visión do túmulo (foto 4).



Foto 4. Aspecto xeral do xacemento o comezaren vos traballos de sinalización.

Isto fai evidente a necesidade de facer un mínimo traballo de mantemento da vexetación, o que significará a roza do túmulo al menos un par de veces ó ano (mediados de primaveira e verán).

O mantemento da sinalización e moi doado, somentes debería facerse unha mínima limpeza o finalizar a primaveira do pó depositado. O material impreso, vinilo laminado fundido mate, está garantido por un mínimo de tres anos, podéndose reimprimir nunha empresa especializada en reprodución dixital. Para tal fin, entrégase con esta memoria os arquivos dixitais cos deseños da sinalización. Este traballo ou a reposición dos soportes dos dous paneis metálicos pódese encargar a empresa que executou a sinalización (Van Divulgación Cultural S.L. Av do Aeroporto, 566 36215 VIGO Tif 986410476 info@vandivulgacion.com).

A execución destes traballos de mantemento pode ser feito pola propia Consellería ou, millor aínda, delegado no Concello de Agolada ou ata a *Asociación de Amigos dos Pendellos* mediante a formalización dun convenio de colaboración, o que recomendamos encarecidamente.